



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Graña Rodríguez, Ana María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.

### DECANOS/DIRECTORES

Gómez Fraiz, Santiago  
Pillado González, Esther  
Rubio Armesto, Belén  
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

### PDI-A

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
Collazo Fernández, Antonio  
Llamas Nistal Martín  
Pino García, Antonio  
Reigosa Roger Manuel Joaquín

### PDI-B

### ESTUDANTES

Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela  
López Rodríguez, Andrea  
Moldes Pita, Óscar  
Rivera González, Paula

### PAS

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Bueno Alonso, Jorge Luis  
Castro Cerceda, Marisa  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Fernández Prieto, Marta  
García Fontán, Soledad  
García Señorán, Mar  
García-Pintos Escuder, Adela  
Gómez Blanco, César  
Louzao Carreira, Alexandre  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Cota, Manuel  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Rodríguez Varela, Diego  
Romo Pérez, Vicente  
Tellado Gonzalez, Fernando  
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 11 de maio de 2017, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **11 de maio de 2017** ás 10:35 h deu comezo a sesión extraordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

- Aprobación, se procede, dos parámetros de ponderación de materias de opción e troncais de modalidade da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia.

Ante do comezo da sesión o reitor agradece a asistencia dos presentes á sesión extraordinaria e dá lectura ao nome das persoas que escusan asistencia e que se relacionan á marxe desta acta.

O reitor dá comezo á presentación do punto único da orde do día, que é preciso tratar en sesión extraordinaria por razóns de urxencia.

Informa o reitor de que esta proposta xa foi aprobada nos consellos de goberno das outras universidades do SUG, e o considera como o resultado dun traballo continuo para paliar os efectos da LOMCE e o intento de establecer as probas de bacharelato. Cede a palabra á vicerreitora de Estudantes para a presentación dos detalles deste punto.

Explica a vicerreitora que as ponderacións aprobadas polos consellos de goberno das universidades galegas, no caso da UVigo na anterior sesión do 20 de marzo, foran elaboradas entre xaneiro e febreiro polos delegados das tres universidades na CIUG e baseábase na lexislación publicada ata o momento sobre as ABAU, isto é a Orde do ministerio de Educación, Cultura e Deporte do 22 de decembro que desenvolvía o RD do 29 de xullo no que se incluía o deseño e contido da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade e tamén unha resolución conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa de 21 de Febreiro de 2017. En toda esta

lexislación se establecía que o alumnado só podía examinarse na ABAU das materias de 2º de bacharelato daquelas materias que tiveran cursado e vinculadas á súa especialidade de bacharelato.

Con todo, os vicerreitores e vicerreitoras de Estudantes das universidades continuaron traballando no mes de marzo na liña de lograr que estas novas probas se parezan o máis posible ás antigas PAU, porque o alumnado de 2º de bacharelato xa estaban preparando aquelas materias que esperaban que ían ponderar no acceso aos títulos do seu interese. No caso das materias obrigatorias resultaba claro que só se poderían examinar das que tiveran cursado, pero no Real Decreto non parecía tan claro o caso das materias optativas. Polo tanto, ao longo dese mes realizáronse consultas aos gabinetes xurídicos do Ministerio que ditaminaron que non era preciso que foran cursadas e tampouco que estiveran vinculadas á rama de bacharelato realizada polo/a estudante. Isto permitía en algunhas titulacións como Educación ou de Ciencias do Deporte etc, puideran ponderar máis materias que as que figuraban na relación aprobada no anterior Consello de Goberno.

Explica a vicerreitora que, polo tanto, no documento que se achega inclúense novas ponderacións, a maiores das anteriores, por acordo de todas as universidades do Estado. Engade que, como indicou o reitor, a UVigo é a única universidade do SUG que aínda non as aprobou, polo feito de que non se celebrou un Consello de Goberno dende entón, polo que están publicadas de xeito provisional na páxina web da CIUG e da Xunta de Galicia, á agarda do noso visto e praxe.

Detalla os cambios máis importantes que afectan ás titulacións do ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas, nas que as titulacións de Educación ou Ciencias da Actividade Física e do Deporte, que non podían ponderar Matemáticas, Bioloxía, Física ou Química, e agora poden facelo. Por outra banda, materias como Matemáticas II ou Latín poden ponderar tamén en todas as titulacións do ámbito das Ciencias Sociais e das Humanidades.

Finalizada a exposición, o reitor abre unha rolda de intervencións que inicia a representante do estudantado, dona Andrea López, preguntando pola diferenza entre as titulacións de Grao en Educación infantil e Grao en Educación primaria e as de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación primaria que aparecen no listado de titulacións.

Responde a vicerreitora que pode ser que a lista da CIUG recolla titulacións antigas, a pesar de que agora están extinguidas, engade que realizará a consulta.

Intervén o profesor Reigosa Roger indicando o sentido afirmativo do seu voto, pero desexa facer unha reflexión. Parécelle triste que o arranxo a un problema xerado polos políticos sexa achegarse o máis posible ao que xa existía, porque, de feito, funcionaba bastante ben; e que este cambio se confirme uns días antes das probas, creando intensa inqueda no estudantado, xa que aínda están coas dúbidas. Pregunta ao reitor se a CRUE vai intervir e traballar trasladando ao Goberno que esta maneira de actuar non é axeitada. Comprende que a interlocución co Goberno non é doada, pero debe facerse todo o posible para que estas normas se coñeceran antes de comezar o curso. Reitera o seu voto afirmativo a favor da proposta.

O reitor responde que en boa parte estes cambios se conseguiron polas presións realizadas pola CRUE, que conseguiron mudar a posición do Goberno en relación con este tema. Explica que o ano pasado o Goberno era interino, polo que non tomaba decisións. Posteriormente, iniciouse unha etapa como a actual, complexa, pero nun réxime máis favorable a negociar e cambiar as

leis conflitivas coas que todos os axentes se amosaban en contra, pero a actuación e moi lenta. Indica que cando entrou o novo Goberno e se acadou un acordo, a advertencia que se fixo dende a CRUE foi, precisamente, a incerteza que se xeraba no estudantado. Engade que, ao non lograrse a derogación completa da lei, se foi avanzando dende xuño ata hoxe despexando incógnitas unha tras outra, buscando o xeito de acomodar unha interpretación da lei que permitira unha proba similar á anterior.

Subliña que o profesorado e os estudantes de ensino secundario estaban sorprendidos e agradecidos de que o ámbito universitario tomara a iniciativa da negociación, tanto en Madrid como na Xunta, marcando o camiño aos gobernos na súa interpretación, que permitira evitar o escollo normativo. Considera o reitor que este proceso foi unha lección importante para o Goberno, e cre que vai ser difícil que se repita este tipo de normativas e leis que se ditan en contra de toda a comunidade educativa, como fixo o ministro Wert. Destaca que a postura da CRUE foi contundente, sendo a primeira vez que os reitores fixeron un plantón a un ministro de Educación. Indica tamén que o Goberno da Xunta de Galicia pecou de excesiva cautela, xa que se negociaba para que se adiantaran ao Goberno central, pero preferiron agardar ao decreto. Finalmente, agora xa está todo preparado para que o proceso estea normalizado dende o comezo do curso próximo.

Chancea o profesor Reigosa con este caso de Lampedusa puro: cambiemos todo para que todo siga igual. Reitera que neste caso se librou, porque a solución é bastante acaída, pero o triste é o retraso e a inqueda que se xerou entre o estudantado e as súas familias.

Toma a palabra o profesor Martín Llamas, quen manifesta tamén o seu voto afirmativo e pregunta pola posibilidade de que se poida actualizar o cadro, para que ao comezo de curso estea xa actualizado. Manifesta que no caso da titulación de Enxeñaría de Telecomunicacións se considera o debuxo técnico como materia a ponderar, cando hai moito tempo que non se imparte na titulación, polo que roga que se teña en conta aos centros no proceso de actualización.

Responde a vicerreitora de Estudantes que case todos os anos hai variacións na táboas de ponderacións, xa que deben ser aprobadas no Consello de Goberno. Os centros solicitan modificacións, ben á Vicerreitoría de Estudantes ou á propia CIUG. Explica que no caso de Enx. de Telecomunicacións non hai problema coas propostas que realice, porque é unha titulación única, e se aceptan sempre. No caso das solicitudes dunha titulación que se imparta noutra universidade, é necesario que se poñan de acordo todas no SUG.

Engade que só hai prevencións no caso de cambio de ponderación de materias que afectan á elección realizada en primeiro de bacharelato, polo que aceptan o cambio, pero se demora a súa implantación un curso. Comenta o caso aparecido na prensa, no que interveu a valedora do Pobo, porque figuraba unha materia nova. Esta materia fora solicitada pola Facultade de Psicoloxía da USC, no ano anterior, polo que a súa inclusión era correcta. Finaliza indicando que, polo tanto, as materias que figuran son as que no seu momento propuxeron os centros e, chegado o momento, poderán propoñerse cambios nun proceso normalizado.

Subliña o reitor que, neste caso de Psicoloxía, motivado por unha desinformación do estudantado, saltou á prensa; sendo curioso que a valedora increpábanos, cando nesta universidade non temos dita materia.

O reitor cede a palabra a dona Belén Rubio, quen desexa que se inclúan as materias de Física e Matemáticas en Ciencias do Mar, como xa están en Bioloxía, que é a competidora máis directa,

e igualaría a ponderación que realizan todas as facultades de CC do Mar no Estado. É consciente de que agora non se pode introducir o cambio, pola proximidade dos exames, pero solicita que se teña en conta para o futuro próximo. Recoñece a decana que non se decatara desta ausencia en marzo, pero tamén lembra que no ano 2010 fora aprobada a solicitude na Facultade de que se fixera así, polo que debeu transpapelarse a petición. Finaliza indicando que levará a solicitude á Xunta de Facultade e o enviará para o futuro.

Apróbase por asentimento (**Anexo I**).

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:55 h do día 11 de maio de 2017, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris